**MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERENTE A ORGANIZACIÓN E REGULAMENTACION PARA A PARTICIPACION DOS MEMBROS DA CORPORACION MUNICIPAL EN TODOS OS ACTOS PUBLICOS E OFICIAIS NOS QUE DEBA ESTAR REPRESENTADO O CONCELLO**

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico dás Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre as labores de todos os concelleiros do Concello de Carballo está o representar aos cidadáns en todos os actos públicos nos que participe a Corporación Municipal, como actos cívicos - relixiosos nas festividades locais, cerimonias oficiais, entregas de premios e recoñecementos, inauguraciones oficiais, aperturas de xornadas sectoriales, convocatorias do Concello en concentracións públicas e reivindicativas ante calquera inxustiza social, etc.

Certo é que dunha forma habitual (aínda que houbo esquecementos e algunha que outra comunicación tardía) por parte do equipo de goberno recibimos as comunicacións e invitacións para actos oficiais, así como de cando en vez as invitacións que chegan ao concello dende outras institucións. Pero tamén é certo que hai moitísimos actos, que pese a non ser rigurosamente protocolarios, si son de especial interese para amosar a unidade de acción da Corporación Municipal fronte á sociedade en xeral pola sensibilidade que espertan.

Todos estamos ao servizo dos cidadáns e para defender os seus intereses nas institucións, consideramos que iso debe de realizarse con orde, con dignidade e como un dereito lexítimo ao ser concelleiro do Concello de Carballo, sexa cal sexa a cor política.

Para poder transmitir ao conxunto da sociedade, sempre unha mensaxe de normalidade, de representación democrática e unidade institucional nos actos públicos e oficiais, é polo que solicitamos o seguinte:

**ACORDO**

1.- Que por parte do Gabinete de Alcaldía do Concello de Carballo, se informe dunha forma permanente e periódica da axenda de actos oficiais que se celebren, para que poidan asistir os representantes de todos os grupos políticos municipais.

2.- Que polos servizos técnicos municipais correspondentes, redáctese un regulamento de Organización e Protocolo de Actos Públicos para o Concello de Carballo, onde se garanta para cada membro da corporación o seu lugar que lle corresponde por dereito. Simplemente coa aplicación lóxica na súa orde: Sr. Alcalde-Presidente, Tenentes de Alcaldes, concelleiros de goberno, voceiros de grupos políticos e concelleiros da oposición ordenados de maior a menor. E que iso sexa de obrigado cumprimento para todos os membros da corporación en todos os actos públicos onde teña que estar representado o Concello de Carballo.

Carballo a 17 de Setembro de 2019.
María Carmen Vila Blanco.
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL